



Catálogo **de actividades** **2018**

PRESENTACIÓN

Na creación, consolidación e apoio do cooperativismo as entidades representativas xogamos un papel esencial. A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** desenvolve e colabora en estratexias e programas que reforcen o cooperativismo, e especialmente ás súas cooperativas asociadas.

Actuamos como axente de intermediación entre as administracións públicas, o tecido socioeconómico e as persoas interesadas, co obxectivo de mellorar a visibilidade e o impacto que ten o cooperativismo na sociedade, de **apoiar e acompañar ás cooperativas socias na súa consolidación e evolución, prestar soporte na creación de novas cooperativas, e mesmo promover e difundir o cooperativismo entre a sociedade.**

Con eses fins presentamos a través deste **Catálogo 2018** distintas actividades e servizos que temos previstos para este ano, con carácter gratuíto para as beneficiarias e cooperativas socias.

Se tes interese en participar nas propostas que ofrecemos, ou necesitas máis información, non dubides en contactar con nós :

A Coruña | Travesía de San José 10, Ent. A – 15002 | 881 887 456

Santiago de Compostela | Hórreo 104, baixo, esquerda – 15701 | 981 57 55 78

Vigo | Taboada Leal 15, entreplanta – 36203 | 986 866 149

info@espazo.coop – www.espazo.coop -   



E se es cooperativa, busca o símbolo gráfico **SOMOS COOP**, porque indicará que é :

Actividade recomendada para Cooperativas!

FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA - PRESENTACIÓN

Evento de presentación do Foro para visibilizar a **economía social** perante a sociedade e os principais axentes económicos galegos.



Ten por fin dar a coñecer ó Foro pola Economía Social Galega como espazo de encontro e intercooperación entre as distintas familias que a compoñen.

O Foro aspira a ser a organización de referencia en Galicia para a economía social, con vocación de influencia na sociedade e actuante no cambio social, consolidando os valores da economía social, fomentando a intercooperación entre as distintas familias que a compoñen, colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

Integrado, polo momento, por Aeiga, Aesgal, Agaca, Cegasal e a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

LUGARES E DATAS

Santiago de Compostela – 13 de marzo

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas, así como empresas e organizacións da economía social
- axentes sociais e políticos en xeral
- público, cidadanía, e sociedade en xeral

DURACIÓN

2 horas

HORARIO

10 – 12 h.



*As cooperativas
axudamos a construír
un mundo mellor*

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

XORNADA DE PRESENTACIÓN - INTERCOOPERACIÓN

FORMACIÓN COOPERATIVA PARA PERSOAS QUE QUEREN EMPRENDER	Iniciación ao modelo cooperativo como fórmula de autoemprego cooperativo. Dá a coñecer as súas características sociais e económicas, e presenta unha experiencia real dunha cooperativa en funcionamento 
LUGARES E DATAS	- Vigo – Edición I do 10 ao 13 de abril - Vigo - Edición II do 19 ao 22 de xuño - Arteixo – do 23 ao 26 de abril - Santiago – do 22 ao 25 de maio - Porto do Son – do 12 ao 15 de xuño - A Coruña – do 10 ao 13 de xullo
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas - persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral
DURACIÓN	20 horas
HORARIO	9.30 – 14.30 horas
 RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade conta co apoio do Fondo Social Europeo no marco do programa Poises (2)
FORMACIÓN PRESENCIAL	

POR QUE NON TRABALLAMOS EN EQUIPO?	Trabállase a mellora das habilidades para o traballo en equipo, saber como desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo. Dá a coñecer recursos e metodoloxías para aplicarlas nun contorno cooperativo 
LUGARES E DATAS	- Porto do Son – 16, 23, 25, e 27 de abril - A Coruña - do 19 ao 22 de xuño
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas - persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral
DURACIÓN	20 horas
HORARIO	9.30 – 14.30 horas
 RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)
FORMACIÓN PRESENCIAL	


O VALOR SOCIAL DO DIÑEIRO: FINANZAS RESPONSABLES

Xornada informativa para dar a coñecer:

>> Opcións financeiras para organizacións e empresas da economía social e cooperativa, e para o emprendemento.

>> Alternativas para investir e aforrar as persoas particulares.

Sesión para dar a coñecer finanzas favorecedoras para a economía social e cooperativa, difundir boas prácticas, e estimular o debate ao redor da temática.



LUGARES E DATAS

Santiago de Compostela – 17 de abril

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas e de entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

4 horas

HORARIO

10 – 14.00 horas



Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

XORNADA INFORMATIVA - CONSOLIDACIÓN

ECONOMÍA SOCIAL MEETING

Sesións de networking entre as entidades da economía social e o cooperativismo que permita avanzar no coñecemento mutuo de entidades, na identificación de necesidades, na prestación de servizos ou en estratexias de cooperación e colaboración.



LUGARES E DATAS

- Santiago de Compostela – 20 de abril
- Santiago de Compostela – 1 de xuño
- Galicia – Xuño
- Galicia – Novembro

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas e entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

2 horas

HORARIO

10.00 – 12.00 horas



Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

INTERCOOPERACIÓN

RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NAS COOPERATIVAS

Comprender a RSE, temáticas e ámbitos.
Analizar o desenvolvemento da RSE nos vindeiros anos, e coñecer as diferentes ferramentas para medir e avaliar a RSE.



Revisar o proceso de elaboración e os beneficios dunha Memoria de Sustentabilidade.
Coñecer o proxecto RSE.Coop.
Entender as boas prácticas de RSE no modelo cooperativo e coñecer o Balance Social.

LUGARES E DATAS

- Edición I do 24 de abril ao 16 de maio
- Edición II do 19 de xuño ao 10 de xullo

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- público xeral

DURACIÓN

40 horas



Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

TELEFORMACIÓN

INICIACIÓN Á COOPERATIVA DE TRABALLO

Contextualizar o movemento cooperativo no marco da economía social; proporcionar os coñecementos fundamentais sobre o cooperativismo de traballo e as súas especificidades; estudar o réxime económico e as súas implicacións; e mesmo comprender o concepto e a importancia intercooperación.



LUGARES E DATAS

- Edición I do 24 de abril ao 16 de maio
- Edición II do 19 de xuño ao 10 de xullo

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas




Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

TELEFORMACIÓN

FORMACIÓN COOPERATIVA EN ITINERARIOS DE INSERCIÓN PARA O EMPREGO

Seminario para achegar os modelos empresariais da economía social e cooperativa a persoas que forman parte de programas e itinerarios de inserción para o emprego de entidades da cidade de A Coruña. Mostrarase dun modo práctico as condicións necesarias para emprender un proxecto profesinal baixo a fórmula cooperativa.



LUGARES E DATAS

8 edicións - A Coruña – de abril a decembro

DESTINATARIAS

Persoas participantes en itinerarios de inserción para ao emprego.

DURACIÓN

4 horas

HORARIO

En función da demanda

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada no convenio de colaboración 2018 co Concello de A Coruña (3)

FORMACIÓN PRESENCIAL

REGULAMENTO INTERNO NAS COOPERATIVAS

Cun enfoque práctico presenta os diferentes aspectos da organización interna dunha cooperativa, e ofrece criterios a tomar en conta para deseñar un modelo propio adaptado a cada cooperativa.

Amosa en que consiste e cal é a función dun regulamento de réxime interno na cooperativa.

Formula pasos e instrumentos para o proceso de deseño ou revisión dun regulamento interno. Ademais, presenta modelos de regulación que faciliten a elaboración dun regulamento de réxime interno propio.



LUGARES E DATAS

do 2 de maio ao 1 de xuño
(dúas sesións presenciais en Santiago, o 3 e 24 de maio)

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas

HORARIO

Dúas sesións presenciais de 17 a 21 horas



Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

TELFORMACIÓN MIXTA

ASEMBLEAS E REUNIÓN	Formación coa que adquirir competencias para organizar reunións e asembleas baixo criterios de participación, eficacia, e bo clima grupal. Capacita para mellorar o funcionamento dos equipos de traballo, e presenta recursos útiles neste ámbito.	
LUGARES E DATAS	- Edición I do 2 de maio ao 8 de xuño (dúas sesións presenciais en Vigo, o 2 de maio e o 6 de xuño) - Edición II do 28 de maio ao 3 de xullo (dúas sesións presenciais en Santiago, o 7 e 21 de xuño)	
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas - persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral	
DURACIÓN	40 horas	
HORARIO	Dúas sesións presenciais de 16 a 20 horas	
 <i>As cooperativas axudamos a construír un mundo mellor</i>	Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)	
RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS		

TELEFORMACIÓN MIXTA

FORMACIÓN DE TITORAS XERENCIAIS (Programa 'Bolsas de xerencia en cooperativas e entidades de economía social')	Formar ás persoas candidatas a bolseiras dunha estadía en prácticas na área xerencial dunha cooperativa ou empresa da economía social. Formación sobre o modelo cooperativo e das empresas da economía social. Consta de 3 módulos: Formación cooperativa básica; Habilidades sociais e organización societaria en cooperativas; e Plan de mellora e recursos disponibles.	
LUGARES E DATAS	- Santiago, 3, 4, 7 e 8 de maio	
DESTINATARIAS	Persoas candidatas a unha bolsa de xerencia en cooperativas e entidades de economía social	
DURACIÓN	20 horas	
HORARIO	9.30 – 14.30 horas	
COLABORACIÓN	- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)	
FORMACIÓN PRESENCIAL		

ELABORA O TEU PLAN DE EMPRESA COOPERATIVO

Formación práctica das condicións e pasos a dar para o emprendemento cooperativo. Que analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.

Elaboración práctica do plan de empresa, e presentación dos requisitos necesarios para grupos pre-cooperativos.



LUGARES E DATAS

- Vigo - do 8 ao 11 de maio
- Porto do Son – do 7 ao 10 de agosto
- Santiago - do 11 ao 14 de setembro

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



As cooperativas axudamos a construír un mundo mellor

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

XESTIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO

Formación para estudar os procesos de xestión económica e financeira nunha cooperativa de traballo: o réxime fiscal, a xestión laboral, procesos de traballo en equipo, e mesmo revisar a aplicación das TIC na xestión dunha cooperativa



LUGARES E DATAS

do 22 de maio ao 12 de xuño

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas



As cooperativas axudamos a construír un mundo mellor

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELEFORMACIÓN

FORMACIÓN DE TITORAS DE TELEFORMACIÓN PARA A ECONOMÍA SOCIAL

Formación para achegarse ao fenómeno e-learning para comprender a súa contemporaneidade e aplicabilidade ao proceso educativo.

A acción analiza as diferentes posibilidades que nos ofrece o e-learning desde a perspectiva da economía social. Dá a coñecer as principais ferramentas de titorización para a teleformación.



LUGARES E DATAS

do 22 de maio ao 12 de xuño

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoal de asociacións de cooperativas e entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELEFORMACIÓN

HABILIDADES SOCIAIS PARA XESTIÓN DO CONFLITO

Formación para comprender que o conflito é algo natural que está presente na nosa vida. Dá a coñecer as diferentes fontes das que xurde o conflito, e experimenta os diferentes estilos de afrontalo. Ofrece xeitos construtivos de xestionar as situacións de conflito.



LUGARES E DATAS

- Vigo – do 22 ao 25 de maio
- A Coruña – do 3 ao 6 de xullo

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade conta co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

DINAMIZACIÓN DO COOPERATIVISMO NUN SECTOR CON POTENCIAL	Formación cooperativa sectorial, que trata de impulsar este modelo nun sector con potencial. Dá a coñecer e analiza a realidade específica do sector elixido e ofrece ferramentas para dinamizalo, a través do uso da fórmula cooperativa.	
LUGARES E DATAS	- Porto do Son - do 22 ao 25 de maio	
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas - persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral	
DURACIÓN	20 horas	
HORARIO	9.30 – 14.30 horas	
COLABORACIÓN	Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia(1) E programa Poises - Fondo Social Europeo (2)	
FORMACIÓN PRESENCIAL		

NOVA LEI DE CONTRATACIÓN PÚBLICA, OPORTUNIDADES PARA AS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL	 Xornada de carácter práctico para avaliar as posibilidades que brinda a nova lei para as entidades da Economía Social. Trátase de analizar o novo escenario normativo de cláusulas sociais e contratación trala aprobación da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. A xornada pretende apoiar ás entidades da economía social no acceso á adxudicación de contratos públicos, e por outro lado quere ofrecer ferramentas para elaborar os pregos de contratación con cláusulas sociais e reservas de contratos, ás administracións.
LUGARES E DATAS	Santiago de Compostela – 4 de xuño
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas e entidades de economía social - público xeral
DURACIÓN	4 horas
HORARIO	10 – 14 h.
 <i>As cooperativas axudamos a construír un mundo mellor</i>	Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	

FORMACIÓN PRESENCIAL

COOPERATIVAS DE ENSINO: UNHA ALTERNATIVA DE EMPREGO	Presentar a cooperativa de ensino como un modelo de alternativa laboral para aquelas persoas que dexesen traballar no eido educativo, incidindo nos valores e principios que rexen o movemento cooperativo. Informar sobre a situación actual do sector en Galicia, perspectivas e opcións de entrada para aquelas persoas interesadas. Presentar experiencias consolidadas.	
LUGARES E DATAS	- Vigo – 29, 30 de maio e 5, 6 de xuño - A Coruña – do 18 ao 21 de setembro	
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas de ensino - persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral	
DURACIÓN	20 horas	
HORARIO	9.30 – 14.30 horas	
 <i>As cooperativas axudamos a construír un mundo mellor</i>	Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)	
RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS		

FORMACIÓN PRESENCIAL

BOLSAS DE XERENCIA E MELLORA EN COOPERATIVAS E ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL	Un Programa de Mellora e Consolidación para organizacións de ES, que en 2018 ofrece 8 bolsas de 6 meses para apoiar a función xerencial e procesos de mellora nas cooperativas e entidades de economía social beneficiarias. Mediante a incorporación na organización dunha persoa con formación empresarial, se realizarán labores de apoio e mellora na cooperativa ou entidade de ES. As bolsas contan cun programa formativo teórico-práctico para as bolseiras, que están titorizadas pola Unión.		
LUGARES E DATAS	- En función da demanda, nos lugares das cooperativas e entidades beneficiarias - De xuño a novembro		
DESTINATARIAS	Cooperativas e entidades de economía social	Persoas desempregadas con titulación na área empresarial	
DURACIÓN	6 meses 25 horas/semanais		
 <i>As cooperativas axudamos a construír un mundo mellor</i> RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade está enmarcada no programa Laces. Eurorexión Galicia – Norte de Portugal (4)		
CONSOLIDACIÓN COOPERATIVA			

RELEVO XERACIONAL NAS COOPERATIVAS DE ENSINO

Aborda as dificultades do relevo xeracional nas cooperativas de ensino e presenta ferramentas prácticas para poder facelo con éxito, tanto para as que xa están en plena crise de relevo, como para anticiparse. Abordarase: elementos básicos da cooperativa; incorporación de novas socias/os; relevo nos cargos directivos; e o conflito xeracional.



LUGARES E DATAS

Do 3 ao 28 de setembro (dúas sesións presenciais en Vigo, 5 e 26 setembro)

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas de ensino
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas

HORARIO

De tarde (dúas sesións presenciais).



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELEFORMACIÓN MIXTA

AS COOPERATIVAS DE ENSINO GALEGAS ANTE OS RETOS INMEDIATOS

Xornadas de traballo para dar a coñecer a realidade actual dos centros educativos cooperativos en Galicia ante problemáticas comúns, como o relevo xeracional e as dificultades na captación de alumnado, ademais de recoller demandas do sector dirixidas ás administracións. Tamén, difundir proxectos educativos das cooperativas de ensino; e estimular a colaboración entre cooperativas, ou entre estas e outros axentes nos eidos da aprendizaxe cooperativa e o emprendemento.



LUGARES E DATAS

- Santiago de Compostela – 9 de xuño
- Galicia – 23 de novembro

DESTINATARIAS

socias, socios, e persoal de cooperativas de ensino

DURACIÓN

4 horas

HORARIO

10 – 14.00 horas



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)


XORNADAS DE TRABALLO - COOPERATIVISMO DE ENSINO

NOVA LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS	Unha xornada que dará a coñecer as novas obrigas en materia de protección de datos no sector cooperativo e da economía social, coa idea de intercambiar e compartir experiencias neste ámbito (tanto no nivel lexislativo como no nivel práctico, mediante casos). Difundirá boas prácticas e recursos útiles, e promoverá o diálogo ao redor da temática con persoas expertas e o público participante. 
LUGARES E DATAS	Santiago de Compostela - 20 de xuño
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas - persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral
DURACIÓN	4 horas
HORARIO	10 – 14.00 horas
 RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
XORNADA INFORMATIVA - CONSOLIDACIÓN COOPERATIVA	

PROGRAMA DE FORMACIÓN XERENCIAL COOP ESPECIALIZADO	Programa de formación xerencial para equipos de consellos reitores e cadros xerenciais e directivos de cooperativas, en temáticas de xestión empresarial, liderado, innovación, etc. Impartido por persoal docente moi especializado, consta de 5 módulos que se realizan no período 2018-2019 (en 2018 prográmanse dous módulos). 
LUGARES E DATAS	- Santiago – Módulo I, 28 de xuño e 2 de xullo - Santiago – Módulo II, 1 sesión outubro e 1 sesión novembro
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas - persoal de entidades de economía social
DURACIÓN	- Módulo I, 15 horas - Módulo II, 15 horas
 RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)
FORMACIÓN PRESENCIAL	

CONTABILIDADE PARA O EMPREENDEMENTO COOPERATIVO

Amosa desde o punto de vista práctico que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo. Dá a coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións.



Capacita para empregar ferramentas contables de xeito previsional, para interpretar os principais estados financeiros e para coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.

LUGARES E DATAS

- Vigo – do 17 ao 20 de xullo

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

E TI, COÑECES A FÓRMULA?

Seminarios de difusión do cooperativismo e a economía social en centros de ensino secundario e formación profesional, como vía de acceso ao emprego ao alumnado de Educación Secundaria e Formación Profesional da cidade de A Coruña.



LUGARES E DATAS

13 edicións - A Coruña - de setembro a decembro

DESTINATARIAS

Estudantes de centros de ensino secundario e formación profesional das cidades de A Coruña

DURACIÓN

3 horas - A Coruña

HORARIO

En función da demanda

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada no convenio de colaboración 2018 co Concello de A Coruña (3)

FORMACIÓN PRESENCIAL

ACELERADORA DE PROXECTOS DE ECONOMÍA SOCIAL	>> Selección de 7 proxectos para realizar: Procesos de formación e asesoramento a proxectos cooperativos e de economía social de cualquier sector : - de nova creación - ou para consolidación de proxectos en funcionamento 
LUGARES E DATAS	- Lanzamento de convocatoria – 3 de setembro - Evento de selección de proxectos - Galicia - outubro - Formación - Galicia – 2ª quincena de outubro - Acompañamento - Galicia - outubro - novembro - decembro (e xaneiro do seguinte ano)
DESTINATARIAS	- Cooperativas e entidades de economía social - Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social
DURACIÓN	- Formación – 20 horas - Acompañamento - outubro - novembro - decembro
 RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)
CREACIÓN DE COOPERATIVAS CONSOLIDACIÓN	

PUNTO DE INFORMACIÓN – EXPOSICIÓN DE IDEAS	Punto de información, atención, e exposición de Ideas, sobre emprendemento cooperativo e na economía social, que se realizará no marco dun evento público relacionado co obxecto desta acción. 
LUGARES E DATAS	Galicia - setembro
DESTINATARIAS	- Cooperativas e entidades de economía social - Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social, público xeral
DURACIÓN	1 día
HORARIO	Mañá e tarde
 RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS	Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

FEIRA DE ECONOMÍA SOCIAL

Iniciativa coa que poñer en valor a economía social na cidade de A Coruña. O que nos ofrecerá esta Feira vén da man de entidades do sector, amosando que moitas necesidades e moitos ámbitos poden organizarse desde unha economía con valores. Expositores de organizacións do sector, charlas, actividades divulgativas e profesionais, puntos de información, ou actividades lúdicas, entre outras máis.



LUGARES E DATAS

A Coruña – 29 de setembro

DESTINATARIAS

- Cooperativas e entidades de economía social
- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social
- Público e cidadanía en xeral

DURACIÓN

8 horas

HORARIO

Mañá e tarde



Esta actividade está enmarcada no convenio de colaboración 2018 co Concello de A Coruña (3)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

PROMOCIÓN COOPERATIVA

CONGRESO DE COOPERATIVAS DE ENSINO - UECOE

A Unión Española de Cooperativas de Ensino, organiza este ano o 18 Congreso de Cooperativas de Ensino en Santander. Convócase ás cooperativas de ensino de todo o estado para abordar as novidades no mundo da pedagogía e da economía social e o cooperativismo. Baixo o lema EDUCAR EN TODOS LOS SENTIDOS, a cita é unha oportunidade extraordinaria para compartir experiencias e posibilitar colaboracións no sector



LUGARES E DATAS

Santander – do 16 ao 19 de outubro

DESTINATARIAS

Cooperativas de ensino

DURACIÓN

do 16 ao 19 de outubro



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

8º FORO INTERCOMUNITARIO DE INVESTIGACIÓN XUVENIL

Promove a **investigación** entre o alumnado dos centros de ensino de distintas comunidades autónomas. Empregan a aula, o laboratorio, o entorno e os medios materiais axeitados para adquirir competencias básicas e motivar no estudo práctico das ciencias experimentais, humanísticas, ou lingüísticas. E favorece a **divulgación** desta experiencia na comunidade escolar .



LUGARES E DATAS

Pontevedra – 18 e 19 de outubro

DESTINATARIAS

- Cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social
- Alumnado de cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social

DURACIÓN

18 e 19 de outubro

HORARIO

Mañá e tarde



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

POTENCIALIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL E O COOPERATIVISMO COMO XERADORES DE EMPREGO DE CALIDADE

Seminario práctico de formación en cooperativismo e economía social enfocado tanto a transmitir como a fomentar o emprendemento cooperativo e na economía social, entre persoal técnico que realiza labores de apoio á creación de empresas.



LUGARES E DATAS

A Coruña – 6, 13, 20 e 27 de novembro

DESTINATARIAS

Persoal de asesorías e xestorías (e outro persoal técnico)

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 h.

COLABORACIÓN

Actividade no marco do convenio 2018 co Concello da Coruña (3)

AXENDA SECTORIAL NO ÁMBITO DAS TIC

Seminario de presentación da “Axenda Sectorial do Sector Tic”.

Despois da elaboración dunha Axenda no ámbito Tic para formentar a creación e consolidación de empresas de economía social no sector, cómpre a súa presentación pública para dala a coñecer e abrir a posibilidade de utilizar este coñecemento.



A Axenda conta con apartados como, a Radiografía do sector, a Economía Social no ámbito TIC; Casos de éxito a nivel internacional; un Plan director; un Sistema de avaliación e seguimento do plan de creación e consolidación de empresas de economía social nas TIC; e Anexos.

LUGARES E DATAS

Galicia – 13 de novembro

DESTINATARIAS

- Cooperativas e entidades de economía social, ámbito Tic
- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social, ámbito Tic
- Público e cidadanía en xeral

DURACIÓN

4 horas

HORARIO

Mañá



Actividade enmarcada no Programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

ORIENTACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PARA CRECER COMO COOPERATIVA

Servizos de orientación e acompañamento para crecer e consolidarse como cooperativa.

Servizos destinados ás cooperativas galegas que están **asociadas** á Unión de Cooperativas EspazoCoop.



- >> Apoio na xestión (temas fiscais, societarios, e outros)
- >> Instrumentos financeiros
- >> Apoio en axudas específicas ás cooperativas
- >> Formación
- >> Plans de mellora, consolidación, e crecemento cooperativo
- >> Servizo xurídico en materia educativa (para cooperativas de ensino)
- >> Intercooperación
- >> Representación, interlocución do sector cooperativo, e incidencia política
- >> Promoción cooperativa e comunicación
- >> Recursos
- >> Participación

LUGARES E DATAS

- A Coruña | Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop - Travesía de San José 10, entreplanta A
- Santiago de Compostela | Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop -r/ do Hórreo 104, baixo, esquerda
- Vigo | Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop r/ Taboada Leal 15, entreplanta

Anual

DESTINATARIAS

cooperativas socias




RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

- Estes servizos están enmarcados na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

ORIENTACIÓN E ACOMPAÑAMENTO NO EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

Impulso de novas cooperativas, ofrécese información, orientación e acompañamento especializado a persoas e grupos pre-cooperativos. Servizo prestado a través de profesionais experimentadas e coñecedoras das particularidades do modelo cooperativo e de todos os aspectos que lle dan valor, con máis de 20 anos de experiencia no sector traballando no emprendemento cooperativo.



- Novas cooperativas
- Transformación do proxecto empresarial en cooperativa
- Transmisión do proxecto empresarial por xubilación

O servizo presenta útiles financeiros a favor dos proxectos da economía social e cooperativa (finanzas éticas e responsables).

>> Accións realizadas de acordo co "Itinerario do Emprendemento en Economía Social" - Xunta de Galicia
>> Programa Emrendegal

LUGARES E DATAS

- A Coruña
Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop - Travesía de San José 10, entreplanta A
- Santiago de Compostela
Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop -r/ do Hórreo 104, baixo, esquerda
- Vigo
Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop r/ Taboada Leal 15, entreplanta

Anual

DESTINATARIAS

- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- persoas de empresas mercantís, asociacións, e outras organizacións, interesadas na transformación
- persoas de proxectos empresariais interesadas na transmisión por xubilación
- público xeral

COLABORACIÓN

- Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)
- Esta actividade está enmarcada no convenio de colaboración 2018 co Concello de A Coruña (3)

ALIANZAS E CONVENIOS CON ENTIDADES PARA PROMOVER EMPREGO COOPERATIVO

Establecer convenios de colaboración ou alianzas entre entidades da economía social que favorezan a consolidación e os procesos de traballo colaborativos e de intercooperación, para impulsar emprego cooperativo.



>> Programa Emprendegal [creación de cooperativas e emprego cooperativo]

LUGARES E DATAS

3 convenios - Galicia - Anual

DESTINATARIAS

Entidades públicas e privadas interesadas en promover o emprego cooperativo

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

INTERCOOPERACIÓN

SENSIBILIZACIÓN COOPERATIVA

Sesións e talleres para dar a coñecer a cooperativa como alternativa de emprego, como sistema de autoemprego colectivo, e trasladar as posibilidades e as vantaxes deste modelo para acceder ao mundo laboral.



>> Programa Emprendegal [creación de cooperativas e emprego cooperativo]

LUGARES E DATAS

20 edicións - Galicia - Anual

DESTINATARIAS

- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- Entidades e organizacións interesadas
- Público e entidades interesadas en xeral

DURACIÓN

Variable

HORARIO

En función da demanda


COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

IMPACTO SOCIAL NO TEU PROXECTO: CANVAS SOCIAL, ECONOMÍA SOCIAL

Servizo de consultoría mediante a ferramenta : Canvas Social. Permite un análise e representación do modelo de relacións e de proposta de intercambio de valor nun proxecto empresarial, coa ampliación ao enfoque de economía social (manexando principios e valores deste tipo de entidades e outro xeito de entender a viabilidade da actividade económica). Trabállase dende un punto de vista integrado dos procesos, o deseño e maduración de oportunidades de negocio na economía social. Procura o impacto social positivo, e presta apoio na construción de mellores modelos de negocio e de novas oportunidades.



LUGARES E DATAS

Galicia – Anual

DESTINATARIAS

- Cooperativas e entidades de economía social
- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social



*As cooperativas
axudamos a construír
un mundo mellor*

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

Actividade enmarcada no Programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

CONSOLIDACIÓN || CREACIÓN DE COOPERATIVAS

CANLES COMUNICATIVAS TEMÁTICAS : ECONOMÍA SOCIAL NO SECTOR TIC

Canles comunicativas nas redes sociais con contidos divulgativos sobre economía social como xeradora de emprego de calidade no sector das TIC, poñéndoa en valor.



LUGARES E DATAS

Facebook – Twitter – Instagram – Youtube
Anual

DESTINATARIAS

- Empresas cooperativas, de economía social, e doutras fórmulas do sector TIC.
- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social no sector TIC.
- Público interesado en xeral, e en particular grupos da sociedade máis xoves.

DURACIÓN

Anual



*As cooperativas
axudamos a construír
un mundo mellor*

RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

ESPAZOS EFÍMEROS DE INICIATIVAS DE EMPRENDEMENTO POP-UP

Unha iniciativa que posibilita experiencias de venda por tempo limitado (por exemplo, un mínimo de 2 e máximo de 6 días) en espazos públicos, co que os proxectos participantes acadan unha importante aprendizaxe, que lles axuda a perfeccionar o seu modelo de negocio.



Os proxectos que participen testarán de forma directa coa clientela, usuarias e consumidoras, produtos ou servizos antes do seu lanzamento “oficial” ao mercado, co fin de axustar aspectos dos mesmos .

A actividade acompañarase dun servizo personalizado de asesoramento e formación aos proxectos no ámbito comercial, e dunha campaña de difusión previa a cada evento POP-UP, para que a potencial clientela se acheguen ao espazo POP-UP e poidan coñecer e/ou mercar os produtos-servizos das entidades participantes.

Os espazos físicos nos que desenvolver esta actividade poderán ser 1) infraestruturas-locais, stands,... 2) na rúa, 3) elementos móbiles – remolques, furgonetas e/ou 4) eventos e feiras habituais ou programados adhoc.

LUGARES E DATAS

Galicia.
De xuño a decembro

DURACIÓN

Entre tres e seis días

DESTINATARIAS

- Cooperativas e entidades de economía social
- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social



RECOMENDADA PARA COOPERATIVAS

Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

Calendario resumen - Catálogo de actividades 2018

| Meses |

| Actividades e servizos |

| MARZO | 2018

Marzo | 13 | Santiago de Compostela **Foro pola Economía Social Galega – Presentación**

| ABRIL | 2018

Abril 10 - 13 Vigo	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Abril 16 - 20 Porto do Son	Por que non traballamos en equipo?
Abril 17 Santiago de Compostela	O valor social do diñeiro: finanzas responsables
Abril 20 Santiago de Compostela	Economía Social - Meeting
Abril 23 - 26 Arteixo	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Abril 24 - 16 Maio 	Responsabilidade social empresarial nas cooperativas
Abril 24 - 16 Maio 	Iniciación á cooperativa de traballo
Abril - Decembro	Formación cooperativa en itinerarios de inserción

| MAIO | 2018

Maio 02 - 01 Xuño	Regulamento de réxime interno nas cooperativas
Maio 02 - 08 Xuño	Asembleas e reunións
Maio 3, 4, 7, 8 Santiago de Compostela	Formación de titoras xerenciais
Maio 08 - 11 Vigo	Elabora o teu plan de empresa cooperativo
Maio 22 - 12 Xuño	Xestión de cooperativas de traballo

Maio 22 - 12 Xuño	Formación de titoras de teleformación para a economía social
Maio 22 - 25 Vigo	Habilidades sociais para a xestión do conflito
Maio 22 - 25 Santiago de Compostela	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Maio 22 - 25 Porto do Son	Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial
Maio 28 - 03 Xullo	Asembleas e reunións
Maio 29, 30 - 5, 6 Xuño Vigo	Cooperativas de ensino: unha alternativa de emprego

| XUÑO | 2018

Xuño 01 - 30 novembro Galicia	Bolsas de xerencia e procesos de mellora, en cooperativas e entidades de economía social
Xuño 01 Santiago de Compostela	ASEMBLEA DE COOPERATIVAS SOCIAS 2018 – I - Informe da xestión anual 2017 e Plan de traballo 2018 -
Xuño 01 Santiago de Compostela	Economía Social Meeting
Xuño – Decembro Galicia	Espazos efímeros de iniciativas de emprendemento Pop-Up
Xuño 4 Santiago de Compostela	Nova lei de contratación pública: oportunidades para entidades de economía social
Xuño 09 Santiago de Compostela	As cooperativas de ensino galegas ante os retos inmediatos
Xuño 12 - 15 Porto do Son	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Xuño 19 - 22 A Coruña	Por que non traballamos en equipo?
Xuño 19 - 22 Vigo	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Xuño 19 - 10 Xullo	Responsabilidade social empresarial nas cooperativas
Xuño 19 - 10 Xullo	Iniciación á cooperativa de traballo
Xuño 21 Santiago de Compostela	Nova lei de protección de datos
Xuño 28, e 2 Xullo Santiago de Compostela	Programa de formación xerencial coop especializado – Módulo I

| XULLO | 2018

Xullo 03 - 06 A Coruña	Habilidades sociais para xestión do conflito
Xullo 10 - 13 A Coruña	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Xullo 17 - 20 Vigo	Contabilidade para o emprendemento cooperativo

| AGOSTO | 2018

Agosto 7 - 10 Porto do Son	Elabora o teu plan de empresa cooperativo
---------------------------------------	--

| SETEMBRO | 2018

Setembro 01- 31 Decembro A Coruña	É ti, coñeces a fórmula cooperativa?
Setembro 03 - 28 	Relevo xeracional nas cooperativas de ensino
Setembro 03 Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social (convocatoria)
Setembro 11-14 Santiago de Compostela	Elabora o teu plan de empresa cooperativo
Setembro 18 - 21 A Coruña	Cooperativas de ensino: unha alternativa de emprego
Setembro Galicia	Punto de Información, exposición de Ideas - Emprendemento cooperativo e na economía social (evento en espazo público)
Setembro 29 A Coruña	Feira de Economía Social

| OUTUBRO | 2018

Outubro 16 - 19 Santander	18 Congreso de Cooperativas de Ensino - UeCOE
Outubro 18 - 19 Pontevedra	Foro de investigación xuvenil
Outubro 26 – 08 Novembro Santiago de Compostela	Programa de formación xerencial coop especializado – Módulo II
Outubro 1ª quincena Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social (evento de selección de proxectos)
Outubro 2ª quincena Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social (formación)

| NOVIEMBRE | 2018

Novembro 6, 13, 20, 27 A Coruña	Potencialidades da economía social e o cooperativismo como xeradores de emprego de calidade
Novembro – Decembro Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social (acompañamento)
Novembro 13 Galicia	Axenda sectorial no ámbito das Tic
Novembro 16 Galicia	Economía social - Meeting
Novembro 23 Galicia	As cooperativas de ensino galegas ante os retos inmediatos
Novembro 30 Santiago de Compostela	ASEMBLEA DE COOPERATIVAS SOCIAS 2018 - II - Planificación 2019 -

A Coruña - Santiago de Compostela - Vigo	Orientación e acompañamento para crecer como cooperativa
A Coruña - Santiago de Compostela - Vigo	Orientación e acompañamento no emprendemento cooperativo
Galicia	Alianzas e convenios con entidades para promover emprego cooperativo
Galicia	Sensibilización cooperativa
Galicia	Impacto social no teu proxecto: Canvas Social Economía Social
Galicia – Norte de Portugal	Canles comunicativas temáticas: Economía social no ámbito tic

Nota aclaratoria

Este Catálogo ten carácter provisional . Terá unha actualización continuada.

>> O calendario podería contar con axustes ou modificacións en función da demanda ou de cuestións técnicas da xestión dos distintos programas e proxectos.

>> A oferta de actividades podería ser ampliada en base á negociación e aprobación de novos programas e liñas de traballo con distintas administracións públicas ou axentes colaboradores.

>> Catálogo a 12 de xullo de 2018.

Colaboracións

(1) Accións enmarcadas na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.



(2) Accións enmarcadas no programa Poises - Fondo Social Europeo.



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"

(3) Accións enmarcadas no Convenio de Colaboración 2018 co Concello da Coruña.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



(4) Accións enmarcadas no programa Laces (Laboratorios de apoio á creación de emprego e empresas de economía social) – Eurorexión Galicia – Norte de Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



